

Fuxir á selva

INMA OTERO VARELA

Antes da vertixe da segunda obra sempre está o risco da primeira. Se cadra aínda é maior no caso das autorías que publican o primeiro libro de poesía despois de ser coñecidas no eido da narrativa. É así para Álex Mene que con *Os puntos do impacto* gaña o Premio de Poesía Concello de Carral en 2021 e afronta de novas a faceta pública de poeta, logo de ter publicado relatos, os álbums ilustrados *A raíña das torta e Indómita e a semente da inmortalidade*, co que obtivo o Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Muíño do Vento, e a novela *Ana e as súas irmás* (Tandaia, 2021).

Un primeiro acerto é o título do poemario, que remite ao seu labor de fotógrafo, ás teorías de

Roland Barthes respecto á fotografía e ao centro de interese do libro, a ferida do suxeito lírico, ou mellor, as pegadas dos proxectís, porque o dano, na maior parte das veces, vén de fóra. Mais tamén os títulos de cada un dos tres apartados representan de maneira directa, como as frechas que aparecen no interior do libro, a transformación dese ser humano protagonista. A "Teoría do conflito", "As fisuras da estratexia" e "A travesía do corpo" marcan tres estadios arquetípicos, o esgotamento do individuo contemporáneo

que precisa fuxir cara o interior do bosque para recuperar a dignidade do corpo, mesmo o dereito a sufrir na entrega amorosa. Para o colapso da cidade coa que inicia a posición da caída no poemario só queda a solución da ancestralidade, a vontade de renacer, de "emerxer / da terra pouco a pouco" para "non asistir impasíbel / ao meu propio sacrificio". Abandónase o espazo coñecido e vólvese ás cerimonias que preceden á linguaxe, ás danzas e ao oráculo onde volve agromar o riso cando o tempo non encarna a angustia, ao camiño que traza o "derradeiro león do Atlas". Porén, malia que nesta confrontación entre cultura e natureza a segunda resulta gañadora, o regreso fortalecido debe encarar outra derrota, a da imposibilidade de traspasar completamente as fronteiras da subxectividade, a derrota de ter que asumir o fracaso do amor no "desprezo dun ollar enmarañado".

Álex Mene pertence a ese grupo nutrido de poetas relacionados coas artes plásticas, tanto como creador como investigador. Nada que non funcione segundo a lóxica. Nótase na escolla das imaxes, no estrutura formal e na construción dos textos que procuran a composición punxente, cun centro moi claro onde converxen as olladas e que refugan aderezos innecesarios. Primeiro poemario para o autor, pero seguramente non o último. Outro augurio do bosque.



Os puntos do impacto

Álex Mene /
Espiral maior /
2022 / 15 euros
/ 68 páxinas




Distrito Xermar

Álex Mene.

Carol

Patricia Highsmith /
Kalandraka / 2022 /
384 páxinas / 18 euros



A obra mestra descoñecida

Publicada por primeira vez en 1952, *Carol* é unha das novelas máis importantes, aínda que pouco recoñecidas, do século XX. Baixo o pseudónimo de Claire Morgan, Patricia Highsmith creou, cando tiña 27 anos e viña de rematar *Strangers on a Train* unha historia plena de erotismo e suspense coa que desafiou os estereotipos sobre a homosexualidade lésbica. Unha obra pioneira e primordial da autora das novelas protagonizadas polo elegante Tom Ripley. Tradución de María Alonso Seisdedos.

Os raspiñeiros

Mary Norton / Sushi Books /
2022 / 158 páxinas /
16 euros



Un clásico infantil recuperado

Arrietty, unha rapaza diminuta, vive coa súa familia baixo o chan dunha casa que non lles pertence. Todos eles son raspiñeiros, que viven decote a aventura de ir buscar provisións de toda clase, tentando non ser "vistos" polos seus xigantescos veciños humanos. Pero un día Arrietty coñece un rapaz humano, e todo cambia. Unha das obras mestras da literatura infantil. Máis de 10 millóns de lectores xa cren nos incursos e saben que están máis vivos que nunca.